CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 16 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se comunica a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional convocados por Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia *do 5 de abril).*

A base común 9.3ª da Orde de 16 de marzo de 2010, pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos mencionados corpos da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados por Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de abril), establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que esta será publicada nesta consellería, nos seus departamentos territoriais e no seu enderezo da internet http://www.edu.xunta.es

Publicadas as puntuacións provisionais e resoltas as reclamacións contra a resolución provisional, procédese á publicación da puntuación definitiva da fase de concurso.

En consecuencia, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional convocados por Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de abril). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web (www.edu.xunta.es).

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá interpoñerse recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a el os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un funcionario con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación no DOG, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade